

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA**

*EXTRACTO da Resolución do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o exercicio orzamentario 2020 (código de procedemento MR302A).*

BDNS (Identif.): 491424.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as agrupacións que, baixo calquera fórmula xurídica, reúnan a produtores (entendidos como tales os titulares de explotacións agrarias ou de instalacións de transformación) que participen nun réxime de calidade susceptible de apoio pola submedida 3.10, para accións de promoción no mercado interior relacionadas con produtos cubertos por algún deses réximes.

Segundo. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e efectuar a convocatoria para o ano 2020 das axudas que, en réxime de concorrencia competitiva, vai conceder a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) para actuacións de información e promoción dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2014-2020.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos

CVE-DOG: o4qst6i8-zu34-h5g5-xqb1-y4qtmghpe5n3



de produtores no mercado interior, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o exercicio orzamentario 2020 (código de procedemento MR302A).

**Cuarto. *Importe***

Trátase de subvencións a fondo perdido que poden chegar ata o 70 % do gasto realizado. O orzamento total da convocatoria é de dous millóns catrocentos mil euros (2.400.000 €) para a anualidade 2020 e un millón seiscentos mil euros (1.600.000 €) para a anualidade 2021.

**Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes***

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2019

Manuel Rodríguez Vázquez  
Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

CVE-DOG: o4qst6i8-zu34-h5g5-xqb1-y4qtmghpe5n3

